

Convocatoria PC 21/22
Curso académico
22/23



DigiCraft

Aprender xogando é
construír un futuro mellor



Fundación
Vodafone
España

Foi un ano cheo de
emocións e aprendizaxe,
pero...

que pasa o vindeiro
curso?



Organización curso 2022/23


Como nos organizamos para o vindeiro curso?

En setembro:

- Solicitaremos á persoa directora do centro que inscriba ao profesorado nas sesións de formación na plataforma: www.edu.xunta.gal/programaseducativos/
- Enviaranse os novos Kits DigiCraft ao centro.

Sesión de resolución de dúbidas o
7 de setembro ás 12:00h
a través da seguinte ligazón:

<https://meet.google.com/mps-jezj-sn>



Novos contidos e materiais para o curso 2022/23

Existen novos contidos?

Si, para o novo curso abrimos dous novos itinerarios!

- **Itinerario 3: automatización e domótica**

Mentres xogan, o alumnado descubrirá que é a automatización e por que é importante ou que é a domótica e que elementos se poden domotizar.

- **Itinerario 4: programación**

Neste itinerario o alumnado desenvolverá o pensamento computacional e mellorará as súas competencias dixitais mentres programa.

Haberá novos kits?

O voso centro recibirá **un novo Kit DigiCraft** cheo de material tecnolóxico e innovador que chegará a partir de setembro.

Que facemos cos contidos impartidos e os seus kits?

Seguen á vosa disposición para que continuedes usándoos!

No curso 2022/23 centrarémonos nos novos contidos.

Recomendamos que, para manter o interese e a motivación do alumnado, os grupos que asistiron aos itinerarios de Intelixencia artificial e videoxogos e Tecnoloxías audiovisuais durante o curso 2021/22 empecen o curso 2022/23 cos novos contidos.

O alumnado que tome contacto con DigiCraft por primeira vez poderá comezar cos contidos impartidos en anos anteriores. A decisión da organización é toda vosa!

É posible domotizar un horto?

Podemos controlar a temperatura da nosa casa de maneira automática?

Que é un diagrama de fluxo?

Seríamos capaces de programar unha felicitación dixital?



Formacións para o curso 2022/23

Hai novas formacións?

Ofreceremos **formación nos novos contidos**.

Durante o curso 2022/23 o voso centro poderá formar **ata 3 docentes** nestes novos itinerarios.

A formación terá un total de 16 horas, repartidas en dous períodos:

- **Itinerario 3: Automatización e domótica:** 3 sesións no 1º trimestre.
- **Itinerario 4: Programación:** 3 sesións no 2º trimestre.

O profesorado inscrito deberá asistir ás seis sesións formativas.

E sobre os itinerarios anteriores?

Se hai docentes que se incorporan por primeira vez a DigiCraft, ofrecemos **2 prazas adicionais** para que reciban formación nos itinerarios do curso pasado.

Esta formación terá unha duración de 16 horas repartidas en dúas quendas:

- **Itinerario 1: Intelixencia artificial e videoxogo:** 3 sesións no 1º trimestre.
- **Itinerario 2: Tecnoloxías audiovisuais:** 3 sesións no 2º trimestre.

O profesorado inscrito deberá asistir ás seis sesións formativas.

Quen pode participar nas formacións?

Calquera docente do centro! Tendo en conta o número mínimo e máximo de prazas.

As persoas docentes poderán formarse nos novos contidos e nos do curso pasado. Recomendamos a formación nos novos itinerarios ao profesorado que xa teña traxectoria en DigiCraft.



Formación curso 2022/23

Formación novos itinerarios



Lembra: solicitarase a inscrición do profesorado, no prazo que se estableza, na aplicación:
www.edu.xunta.gal/programaseducativos/

Nº docentes: mín. 1- máx. 3

○ Sesión 1	10 de outubro de 2022 de 16:00 a 18:00h	Itinerario 3: Automatización e domótica
○ Sesión 2	11 de outubro de 2022 de 16:00 a 19:00h	
○ Sesión 3	18 de outubro de 2022 de 16:00 a 19:00h	
○ Sesión 4	25 de xaneiro de 2023 de 16:00 a 18:00h	Itinerario 4: Programación
○ Sesión 5	26 de xaneiro de 2023 de 16:00 a 19:00h	
○ Sesión 6	30 de xaneiro de 2023 de 16:00 a 19:00h	

Formación itinerarios anteriores (reforzo)

Nº docentes: máx. 2

○ Sesión 1	2 de novembro de 2022 de 16:00 a 18:00h	Itinerario 1: Intelixencia artificial e videoxogos
○ Sesión 2	7 de novembro de 2022 de 16:00 a 19:00h	
○ Sesión 3	8 de novembro de 2022 de 16:00 a 19:00h	
○ Sesión 4	27 de febreiro de 2023 de 16:00 a 18:00h	Itinerario 2: Tecnoloxías audiovisuais
○ Sesión 5	28 de febreiro de 2023 de 16:00 a 19:00h	
○ Sesión 6	06 de febreiro de 2023 de 16:00 a 19:00h	

Esta formación terá recoñecemento como actividade formativa coa súa correspondente certificación segundo a Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado de Galicia (DOG 22 de maio de 2013).

Espérannos novas
oportunidades,
sorpresas,
desafíos,
retos
e SuperRetos.

Vémonos en setembro!